

Cum subit illius

IEM

Para Carlos Méixome e Cruz Juíz esta composición ribeiras de río Negro (Nigrán) ao día seguinte de que as Brigadas dos Mártires de Al Aqsa, brazo armado do movemento Al Fatah, executaran a un mozo palestino acusado de “colaboración con Israel”, no momento en que o exército israelí comezaba a súa incursión en Ramala. O presunto colaboracionista, Raed al Liftawi, foi colgado polos pés na praza central da cidade autónoma cixordana, para mofa dos alí concentrados.

que non
que non son pombas que no parque acoden
ao reclamo xentil desocupado
os seus ollos

¡colaboracionista!

liftawi foi colgado polos pés
na praza maior

unha foto estimulante
a figura ao colocarse
nun dos tercios
a mirada no canto de pararse no centro
desprázase por todas as cuadrículas

un xoven espétalle o coitelo no peito

tampouco
tampouco son bubelas fedorentas
a súa fronte maternal

cara o coitelo
ao traveso do brazo que o empuña
e de novo ao motivo o rostro ensanguentado

lúas e estrelas

nin os latexos
nin os latexos segue da romántica lúa
o seu corazón

¡colaboracionista!

e no primeiro termo o vistoso
pano da cabeza
tercio inferior esquerdo contribúe
a dar profundidade
de campo

o río negro
o río negro da súa mente escarva
galerías de toupa no xardín
baixo a pía fiel dos hibiscos
mais co cuspe primaveral do outono
abrirá para ela os pétalos de fogo
rosa de siria

nenos acantazando carros de combate

Demetrio López Garrido

NOTA

A elexía de Ovidio “Cum subit illius tristissima noctis imago...” tivo lecturas moi diversas –o que é normal– pero non sempre foi interpretada nos termos en que o poeta a concibiu. O punto de partida foi, efectivamente, a lectura do xornal *La voz de Galicia* nas ribeiras do río Negro, ese arroio que vai dar a praia América onde se xunta coas augas do río Muíños. Efectivamente, hai na composición catro puntos de vista: o periodístico, o político, o fotográfico e o poético, que coincide coa visión da nai do executado. Unha nai a quen aquel momento deixou valeira de sentimentos: nin ama (pombas), nin odia (bubelas) nin reza (lúa, a media lúa islámica): o único que fai é, como un autómatas, recoller o corpo do seu fillo e darlle sepultura na terra (xardín dos hibiscos con pía, onde no outono brotarán as rosas de Siria; entre as variantes dos hibiscos están as rosas de Siria, as rosas de Alexandría e as rosas de China).